

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 16 DE FEBREIRO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos do PP presentados por escrito

“No pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, o grupo municipal Popular puxo de novo en coñecemento do equipo de goberno e do resto da corporación municipal a incorrecta tramitación administrativa dos expedientes que contan con reparos suspensivos da Intervención municipal; expedientes que están sendo remitidos ao Pleno sen declarar previamente a súa nulidade a través da revisión de oficio. Posta en coñecemento que, nesta ocasión viña avalada pola sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a número 290/2022, de 19 de xullo; que sobre a base da sentenza número 722/2022, de 13 de xuño, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, declara a inidoneidade do recoñecemento extraxudicial de créditos sen revisión de oficio previo, como procedemento de cumprimento de obrigas derivadas dun posible enriquecemento inxusto da Administración.

Sentenza que conclúe declarando nulos e contrarios a dereito os créditos recoñecidos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos adoptado nun acordo plenario que non cumpre os citados trámites e na que acorda deducir testemuño do procedemento xudicial e administrativo á Fiscalía Superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ante a evidente existencia de indicios delituosos no ámbito da prevaricación administrativa.

Á vista do contido da citada sentenza e da tramitación de expediente que evidencian hábitos consolidados manifestamente contrarios a Dereito, dende o grupo municipal Popular se require dos responsables do goberno local de Cambre que se adopten as medidas necesarias para a correcta tramitación dos expedientes extraxudiciais de crédito que conteñan reparos suspensivos da Intervención municipal, conforme co disposto tanto na normativa vixente coma na xurisprudencia reiterada do TS e do TSJ de Galicia.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen contesta dicindo que acepta o rogo.

A seguir, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Abalo Cástex quen di que quere presentar oralmente un rogo respecto da prestación do servizo de Correos; en concreto, dado que recibiu reclamacións dos veciños, porque se deixan cartas en portais que probablemente non sexan os seus destinatarios; que se deixan en medio dos portais; polo que roga que se traslade ao servizo de correos para que adopten as medidas necesarias para solucionar este problema.

O Sr. presidente contesta dicindo que mañá se porá en contacto con Correos para trasladar esta queixa.

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

“1.- Coñecendo a información de que a RPT xa está a piques de presentarse. E dada a gran importancia do documento, así como amplitude. Entendemos que a documentación que pode existir agora non é definitiva de todo. Pero para os grupos da oposición sería unha boa acción para poder iniciar a traballar o asunto coa precisión que se debe poder acceder xa a parte do expediente. Motivo polo cal rogamus que se nos facilite xa a documentación que xa existe aos grupos da oposición para poder iniciar a estudar o asunto.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen contesta dicindo que non acepta o rogo, dado que a documentación definitiva que se presentará ao pleno aínda non está recepcionada.

O Sr. Varela Fraguio pregunta se hai unha estimación do tempo para presentala ao pleno.

A Sra. Pan Lesta contesta dicindo que a súa estimación é tratada en marzo, aínda que non sabe se chegarán ou non; que a idea era xa tratada en xaneiro.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“No pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, o grupo municipal Popular puxo de novo en coñecemento do equipo de goberno e do resto da corporación municipal a incorrecta tramitación administrativa dos expedientes que contan con reparos suspensivos da Intervención municipal; expedientes que están sendo remitidos ao Pleno sen declarar previamente a súa nulidade a través da revisión de oficio. Posta en coñecemento que, nesta ocasión viña avalada pola sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a número 290/2022, de 19 de xullo; que sobre a base da sentenza número 722/2022, de 13 de xuño, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, declara a inidoneidade do recoñecemento extraxudicial de créditos sen revisión de oficio previo, como procedemento de cumprimento de obrigas derivadas dun posible enriquecemento inxusto da Administración.

Sentenza que conclúe declarando nulos e contrarios a dereito os créditos recoñecidos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos adoptado nun acordo plenario que non cumpre os citados trámites e na que acorda deducir testemuño do procedemento xudicial e administrativo á Fiscalía Superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ante a evidente existencia de indicios delituosos no ámbito da prevaricación administrativa.

Á vista do contido da citada sentenza e da tramitación de expediente que evidencian hábitos consolidados manifestamente contrarios a Dereito, dende o grupo municipal Popular se pregunta aos responsables do goberno local de Cambre, para que informen sobre os seguintes extremos:

1ª.- Medidas que se adoptaron dende os distintos departamentos do noso Concello para adaptar a tramitación dos expedientes administrativos ao disposto na lexislación vixente e na xurisprudencia máis recente, como a citada sentenza.

2ª.- Incidencia do incumprimento das citadas medidas respecto dos expedientes extraxudiciais de crédito xa aprobados pero non finiquitados ou liquidados, con criterios contrarios aos referidos na citada sentenza.

3ª.- Estado no que se encontran as obrigas recoñecidas no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2023, trala aprobación plenaria.

4ª.- Contía económica dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados nos dous últimos mandatos con reparos suspensivos da Intervención municipal.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen contesta dicindo que, respecto da primeira pregunta, a sentenza di que en caso de que se prescindira total e absolutamente do procedemento a fórmula para a aprobación de facturas é, en primeiro lugar, declarar a nulidade de pleno dereito para despois, en segundo lugar, aboar as obras, servizos e subministracións a través do procedemento de enriquecemento inxusto; que isto xa foi informado pola Intervención municipal, como se pode ver nos informes emitidos nos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, antes da sentenza a que se alude, en casos concretos como o de Augaservi, pero que pola complexidade do procedemento que conleva a dilación no pagamento das facturas se estaba optando polo seu aboamento; que de todos os xeitos, se está a traballar dende a intervención municipal cunha serie de instrucións aos departamentos nos supostos que se emitan reparos que causen o establecido na sentenza.

Continúa a Sra. Pan Lesta e di que, en canto á segunda pregunta, as facturas son as de Augaservi e que foron revisadas polos técnicos municipais para comprobar que a prestación se encontra en prezos de mercado; que polo que respecta das demais, ben son facturas cuxo importe é inferior a 3.000 euros, ou ben facturas de importe superior respecto das que se solicita sempre informes do técnico municipal; que nas bases de execución do orzamento deste ano se modificou a redacción anterior da cláusula referida en canto á conformidade de facturas, incluíndo as facturas de menos de 3.000 euros.

En canto á terceira pregunta contesta dicindo que xa están aboadas e a contía económica dos últimos mandatos, a documentación dos recoñecementos que se presentan ao pleno están a disposición dos señores concelleiros; que os que se aproban mediante resolución da alcaldía aparecen reflectidos nos informes das resolucións da alcaldía dos que se dá conta na Xunta de Goberno Local e que tamén se lles remiten aos señores concelleiros.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“Dado o desuso da parte superior do centro de saúde de Cambre queríamos preguntar:

1ª.- Canto lle está a custar anualmente ao Concello o seu mantemento?

2ª.- Cal é a previsión para o uso da instalación?

3ª.- Quen se está a encargar dos mantementos/limpeza que precisa’

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Gutiérrez Nieto quen contesta dicindo, respecto da primeira pregunta, 104.234,51 euros, do que unha parte ingresa a Xunta de Galicia; que, en canto á segunda pregunta, actualmente o usa o centro de saúde para actividades propias e, en canto á terceira pregunta, di que a previsión do Concello é devolvelo ao Sergas.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

“1º.- Pese ás advertencias xa realizadas sobre os problemas de accesibilidade nas obras de urbanización que se están a levar a cabo nas rúas María Mariño e Francisco Mariño do Temple, veciños do lugar nos advirten do elevado das beirarrúas que se están a realizar.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, dificilmente unha cadeira de rodas ou un carriño de bebé pode salvar a altura dos bordos instalados nas novas beirarrúas; sendo necesario precisar como nas inmediacións das citadas obras se encontran precisamente, tanto o centro de saúde do Temple, como a gardería infantil.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se requira da concelleira de Obras que se adopten as medidas necesarias para salvar os citados obstáculos e lograr a accesibilidade das citadas beirarrúas.”

O Sr. González Leirós contesta dicindo que procede dun rogo ou pregunta de Esquerda Unida; que a día de hoxe xa están realizados os pasos de peóns, que faltan por pintar pero está solucionado o problema.

O Sr. Abalo Cástex manifesta que estivo alí o venres e non estaba solucionado; ao que lle contesta o Sr. González Leirós dicindo que el estivo onte e si estaba solucionado.

O Sr. Abalo Cástex intervén e manifesta que entón se amañou unha vez que o Partido Popular presentou o rogo.

“2º.-Unha vez máis presentan a comisións informativas incidencias relacionadas con apagóns da iluminación pública no noso municipio. Nesta ocasión faise eco do producido o pasado 12 de febreiro no paseo marítimo do Temple, dende a altura da rúa Padre Feijóo, ata o límite co municipio de Oleiros.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, os farois dos últimos tramos do citado paseo volveron a deixar a escuras aos nosos veciños, con apagóns que xa se están a converter en costume.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se solicite que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para evitar máis apagóns da iluminación pública, como o ocorrido o pasado 12 de febreiro no Temple.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen contesta dicindo que se están a levar a cabo as obras do cambio a tecnoloxía LED.

“3.- Veciños do Temple amósannos as súas queixas sobre o estado no que está o asfaltado das rúas, sobre todo, daquelas que teñen maior tránsito rodado, provocando un evidente perigo para a seguridade

vial. Entre elas, alértannos de dúas fochancas existentes na rúa Constitución, concretamente no tramo existente inmediatamente antes da súa intersección coa rúa Pígara, así como outra na rúa Padre Feijóo, do Temple.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para que á maior brevidade posible se reparen as citadas fochancas.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen contesta dicindo que acepta o rogo; que é coñecedor do desgaste do pavimento en todas as rúas do concello.

“4.- Transcorreron varios meses dende que o muro existente na costa da Tapia, á altura da rotonda de entrada á autoestrada, nas inmediacións da parada de autobús da Casa das Palmeiras, presenta o lamentable estado que se observa na fotografía que se achega.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se interese que a concelleira competente adopte as medidas necesarias para a reparación do citado muro”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen contesta dicindo que acepta o rogo; que estes danos foron causados por un camión e que a reparación se levará no tempo máis breve posible.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“No último ano, os veciños do Temple sofren as necesarias obras de rexeneración da ría do Burgo, que espera devolvan o seu esplendor ao que debe ser un dos nosos maiores potenciais medioambientais. Ante a falta de noticias sobre as obras que se están a levar a cabo, así como as queixas recibidas dos nosos veciños sobre o ruído persistente e intenso que as citadas obras provocan tamén pola noite (a pesar dos bloques de cemento instalados que se advirte nas fotografías que se achegan), dende o grupo municipal Popular se interesa da concelleira competente en materia de Medio Ambiente:

1ª.- Que informe sobre o desenvolvemento das tarefas de rexeneración que se están a levar a cabo na ría do Burgo, que inclúa os prazos previstos para a súa finalización.

2ª.- Horario e identificación dos traballos que están a provocar impacto acústico aos nosos veciños do Temple.

3ª.- É posible minimizar ou, mesmo, eliminar o citado impacto acústico, sobre todo, pola noite?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcerro Quiñoy quen contesta dicindo que as obras se están a realizar segundo os prazos inicialmente previstos; que se estima a súa finalización entre decembro de 2023 e xaneiro do 2024; que, respecto das tarefas que se están a facer actualmente, se están dragando os distintos sectores diferenciados segundo o proxecto inicial; que se está a traballar as vinte e catro horas facendo as mesmas tarefas; que, respecto da terceira pregunta, se lle enviou ao director da obra un escrito para deixar constancia das queixas recibidas.

“4ª.- Trala praga de bicudo vermello que está a devastar as palmeiras existentes en Cambre, nos últimos días foron coñecedores de que o Concello de Culleredo valou (tal e como se aprecia na fotografía que se achega) varias árbores do seu paseo marítimo, fundamentalmente na contorna da Cros, ante a presenza

de varias bolsas de procesionaria, unha praga de eirugas que pode matar especies arbóreas como os piñeiros.

Descoñecendo a incidencia da citada praga nas especies arbóreas do noso municipio, dende o grupo municipal Popular se pregunta á concelleira de Medio Ambiente sobre o particular, fundamentalmente sobre as medidas que se están a tomar dende a súa concellería para evitar ou erradicar a citada praga no noso municipio.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen contesta dicindo que se detectou unha presenza moi escasa e que se actuou mediante a colocación de trampas.

“5ª.- Esta mesma tarde foron coñecedores da alerta levada a cabo por unha das nosas veciñas á Policía local de Cambre ante a presenza dun artefacto explosivo nas inmediacións da estrada que une Cambre e O Temple, unha das arterias de maior circulación do noso municipio.

Ante o evidente problema de inseguridade e inquietude que este descubrimento provocou de novo nos nosos veciños, dende o grupo municipal Popular se interesa que o Sr. alcalde informe aos membros da Corporación municipal sobre este achado, as xestións e as investigacións que se realizaron dende daquela”.

O Sr. alcalde intervén e contesta dicindo que pouco ten que añadir ao publicado pola prensa; que era unha granada polaca da guerra civil española e que a tiveron que estoupar, dado que estaba activa; que a Garda Civil está a investigar.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Cantos veciños e veciñas acudiron a asesorarse sobre o PXOM?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen contesta dicindo que, máis ou menos, seiscentos veciños, entre visitas e correos electrónicos.

“2ª.- Por que non se puxo en marcha a proposta de horario para o asesoramento do PXOM que fixo EU?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen contesta dicindo que isto xa se contestou un correo de data 30 de xaneiro de 2023.

“3ª.- Dada a información que nos foi dada en pasadas comisións, gustaríanos saber cal é a previsión de datas para a instauración de Wifi nos locais socioculturais?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Matos quen contesta dicindo que non pode dar datos concretos.

“4ª.- Queríamos preguntar se hai algún avance para que na estación de tren cambresa poida ofrecer servizo á veciñanza?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso quen contesta dicindo que mantivo varias reunións cos responsables de patrimonio de ADIF; que se desistiu de facer ningún tipo de actuación polos custos elevados que requiriría o investimento.

O Sr. alcalde intervén e manifesta que está en moi mal estado; que é unha auténtica ruína.

“5ª.- Neste senso que movementos e iniciativas se fixeron estes últimos anos?”

O Sr. alcalde manifesta que está contestada.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

“1º.- Coñecendo a acollida que está a ter o proxecto de bookcrossing no parque da Igrexa, como nos comentou a concelleira en pasadas comisións. Pensamos que sería unha iniciativa que se podería extrapolar a outros puntos do municipio sen un gran investimento de recursos, como centros de saúde, zonas de espera de rexistros, casas de mocidade, casas do pobo, etc. Motivo polo cal se roga a instauración deste proxecto noutros puntos municipais.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Matos quen contesta dicindo que está para colocar en todo o concello.

A Sra. Sánchez Vieites pregunta se hai algunha previsión de cando se fará.

A Sra. Pan Matos contesta dicindo que está en redacción e que espera que se faga canto antes.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Nos últimos días, os veciños de Cambre viviron de novo a fanfarra publicitaria levada a cabo por noso goberno local sobre a aprobación da nova convocatoria do bonotaxi, da que se refire un incremento na partida prevista, dende os 15.000 euros presupostados no exercicio anterior, ata os 20.000 euros previstos para este.

O que non se reflicte na citada publicidade é o resultado da convocatoria do bonotaxi no exercicio anterior,

razón pola cal, dende o grupo municipal Popular se pregunta á concelleira competente en materia de Servizos Sociais:

1ª.- Da partida presupostada para o exercicio 2022, canto quedou sen utilizar e, polo tanto, devolto ás arcas municipais?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen contesta dicindo que 0 euros.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da segunda pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

2ª - Cantas persoas se beneficiaron do referido bonotaxi?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen contesta dicindo que vinte e tres persoas.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da terceira pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

3ª.- Que destino se lle deu á parte non gastada do presupostado para o bonotaxi?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen contesta dicindo que 0 euros.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da cuarta pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

4ª.- Xa se modernizou o molesto sistema de vales de entrega como se viña propoñendo reiteradamente estes últimos anos polo grupo municipal Popular?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen contesta dicindo que non.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da quinta pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

“5ª.- Ante a inminente celebración do entroido en Cambre, dende o grupo municipal Popular se interesa que a concelleira de Cultura informe sobre os eventos programados dende a súa concellería para a citada celebración?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Varela Germade quen dá conta das actividades previstas: festas infantís; o día propio do entroido pequeno haberá desfile, concurso de disfraces, comparsas, carrozas e actuacións musicais e, por último, o enterro da sardiña.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da sexta pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

“6ª.- Os pasados días 7 e 8 de febreiro, representantes do Concello de Cambre asistiron ao Segundo encontro estatal de gobernos locais e cooperación internacional, celebrado en Lugo.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interesa que a concelleira competente informe sobre a participación municipal no citado encontro estatal no que se inclúa a identificación da delegación cambresa nela”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen contesta dicindo que o Concello de Cambre como socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e como goberno local activo en cooperación internacional foi invitado a este segundo encontro estatal de gobernos locais e cooperación internacional; que asistiron máis de dúascentas autoridades, expertos e representantes de asociacións relacionadas coa cooperación de toda España; que estiveron a profundizar na nova lei de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global; que asistiron o técnico da área de Benestar Social, encargado da parte de cooperación e ela mesma como representante do concello no Fondo Galego de Cooperación.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“Recentemente puidemos ver como se daba difusión a unha actividade do IES Afonso X participou nunha visita guiada e nun pequeno taller de fotografía na exposición de Meisel na Coruña.

Constatando que ‘esta iniciativa educativa é toda unha experiencia motivadora e complementaria.’

Preguntamos se se ten pensado promover dende o concello este ano iniciativas deste tipo para a mocidade?”

O Sr. presidente contesta dicindo que esta actividade foi impulsada e organizada polo centro educativo; que o concello lle deu a difusión a petición do centro; que dende o departamento de Xuventude están dispostos a estudar e apoiar este tipo de iniciativas.